



## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

ASUNTO: LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS DO PROCESO DE SELECCIÓN DE BRIGADAS DE INCENDIOS: 1 XEFE DE BRIGADA

EXPEDIENTE: 2025/G003/000701

Por resolución da alcaldía núm. 543/2025 do 23.05.2025 aprobáronse as bases reguladoras que rexerán a convocatoria para a provisión de 1 praza de persoal laboral temporal de xefe de brigada de defensa contra incendios forestais concedéndose un prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes, contados a partir do día seguinte ao desta publicación. (Publicadas no BOP núm. 100 do 28 de maio de 2025).

O 10.06.2025 por resolución da alcaldía núm. 642/2025 aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas concedendo un prazo de dous días hábiles para emendas.

Rematado o prazo de presentación de emendas e despois de comprobar a documentación presentada polos aspirantes, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,  
**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar a seguinte listaxe definitiva de persoas admitidas no proceso de XEFE de brigada.

| NOME     | APELIDOS        | DNI       | CELGA |
|----------|-----------------|-----------|-------|
| SANTIAGO | LÓPEZ LIÑARES   | ***4500** | SI    |
| ANA      | MARTÍNEZ ROBLES | ***3904** | SI    |
| MANUEL   | MUIÑO BELLO     | ***5403** | SI    |

**Segundo.-** Aprobar a listaxe definitiva de persoas excluídas de XEFE de brigada.

| NOME | APELIDOS       | DNI       | Motivo de exclusión |
|------|----------------|-----------|---------------------|
| IAGO | SANCHEZ VALERO | ***7002** | A, B                |

A. Non achega o modelo de instancia cuberto e asinado (Anexo II). Base 4.b)

B. Non achega relación baremada de méritos (Anexo III). Base 4º.e).

**Terceiro.-** Nomear ao seguinte tribunal cualificador.

**PRESIDENTE**

Titular: Lucía Barreiro Angeriz, funcionaria do Concello da Laracha

Suplente: Patricia García Varela, funcionaria do Concello da Laracha





## SECRETARIO

Titular: Miguel Piñeiro Souto, funcionario do Concello da Laracha

Suplente: Eduardo Mera Rico, funcionario do Concello da Laracha

## VOGAIS

Titular: Ramón Soengas Gómez, funcionario do Concello da Laracha

Titular: Ana Aldao Corral, persoal laboral fixo do Concello da Laracha

Titular: Marta Caamaño Tuset, persoal laboral fixo do Concello da Laracha

Suplente: Jorge Vidal Zapatero, funcionario do Concello da Laracha

Suplente: Ana Carmen Jimenez Mosquera, persoal laboral fixo do Concello da Laracha

Suplente: María José Pombo Vilariño, persoal laboral fixo do Concello da Laracha

**Cuarto.-** Fixar e convocar aos membros do tribunal para a súa constitución e valoración de méritos da fase de concurso para o 18.06.2025 ás 9:30 horas na Casa do Concello

**Quinto.-** Fixar e convocar aos aspirantes para a o primeiro exercicio de carácter práctico (proba do banco) o 25.06.2025 ás 9:30 horas na Biblioteca Municipal da Laracha (Rúa Manuel Murguía s/n, A Laracha)

**Sexto.-** Fixar e convocar aos aspirantes para o segundo exercicio da fase de oposición, o exame tipo test, para o 27.06.2025 ás 11:00 horas no Edificio Administrativo (Avda. Fisterra nº 60, A Laracha).

**Sétima.-** Publicar a presente resolución no taboleiro electrónico do concello e na web municipal (<https://www.alaracha.gal/>).

Asinado dixitalmente polo Sr Alcalde, José Manuel López Varela, do que eu secretario, Miguel Piñeiro Souto, dou fe.

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da presente resolución ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo elo sen perxuro de calquera outro recurso o acción que estime procedente.

